



ILMO.
CONCELLO
de
RIBADUMIA

Bases do XXII Concurso de Postais de Nadal convocado polo Concello de Ribadumia

O Concello de Ribadumia convoca a XXII edición do Concurso de Postais de Nadal a celebrar no ano 2024, segundo as seguintes bases:

1.- Poderán participar no concurso de postais de Nadal tódolos nenos e nenas de entre 3 e 16 anos, empadroados no Concello de Ribadumia ou escolarizados no CPI Julia Becerra Malvar ou no CRA de Ribadumia.

2.- Cada alumno presentará un único traballo e participará na categoría que lle corresponda segundo a etapa de estudos que estea a realizar:

- Infantil, primaria ou E.S.O.

3.- Os traballos realizaranse en tamaño de medio folio (tamaño cuartilla).

4.- Os devanditos traballos deberán facer alusión ao Nadal e a exaltación de valores como a solidariedade, a paz, a amizade, a familia, etc...

5.- As postais levarán na parte frontal unha palabra ou texto breve relacionado cos valores antes mencionados e no reverso os correspondentes datos persoais:

- Nome e apelidos.
- Enderezo.
- Teléfono do pai, nai ou titor/a.
- Idade do/a participante
- Curso escolar que estea a realizar.

6.- Os traballos presentados a concurso deberán ser orixinais e non ter participado noutros concursos.

7.- O prazo de presentación dos traballos mantense aberto **ata o luns 25 de novembro de 2024**, ás 14:00 horas no Concello.

8.- En cada centro escolar haberá unha urna para depositar os traballos de cada un dos distintos ciclos educativos. Así mesmo, tamén haberá unha urna dispoñible no Concello.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80006841800M2T2X4L6F3S5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 14/11/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/11/2024 13:07:30

EXPEDIENTE :: 2024308
24000102
Fecha: 14/11/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80006841800M2T2X4L6F3S5





ILMO.
CONCELLO
de
RIBADUMIA

Finalizado o prazo de presentación dos traballos, persoal do Concello pasará a recoller as urnas dos centros educativos.

9.- As bases do presente concurso expóranse ó público no taboleiro de anuncios do Concello de Ribadumia, nos taboleiros dos colexios, na páxina web e nas redes sociais.

10.- Constituirase un xurado encargado da valoración e elección das postais gañadoras, o cal estará integrado por:

- 2 pais de cada parroquia elixidos mediante sorteo

- 3 traballadores municipais (un técnico municipal e persoal colaborador do departamento de cultura).

11.- A cada un dos finalistas de cada unha das categorías premiaráselles cun agasallo.

12. Os traballos presentados a concurso en cada unha das categorías pasarán a ser propiedade do Concello de Ribadumia e o fin último do concurso é a creación da felicitación de nadal do Concello coas postais gañadoras. Así mesmo, as postais gañadoras poderán publicarse en medios de comunicación propios do responsable.

Ribadumia, 6 de novembro de 2024.

David J. Castro Mougán.

Alcalde - Presidente.

(Documento asinado dixitalmente)



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80006841800M2T2X4L6F3S5 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE :: 2024308 24000102
	DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 14/11/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/11/2024 13:07:30	Fecha: 14/11/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80006841800M2T2X4L6F3S5

